



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sintaxe da lingua galega II

| | | | | |
|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|--------------|
| Materia | Sintaxe da lingua galega II | | | |
| Código | V01G400V01905 | | | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 4 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Rodríguez Guerra, Alexandre | | | |
| Profesorado | Rodríguez Guerra, Alexandre | | | |
| Correo-e | xandre@uvigo.gal | | | |
| Web | http://https://moovi.uvigo.gal/ | | | |
| Descrición xeral | Aproximación ós esquemas coordinativos con 'e' en galego, ós marcadores discursivos e ás relacións sintácticas interoracionais en galego tendo en conta os enunciados e os parágrafos que constitúen. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código | |
| A1 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A5 | Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios. |
| B7 | Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios. |
| B8 | Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico. |
| C1 | Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa. |
| C2 | Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa. |
| C5 | Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística. |
| C8 | Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística. |
| D1 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| D2 | Comunicación oral e escrita na lingua materna. |
| D3 | Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais) |
| D6 | Capacidade de xestionar a información. |
| D8 | Habilidade para traballar de forma autónoma. |
| D9 | Capacidade crítica e de autocrítica. |
| D10 | Capacidade de análise e síntese. |
| D11 | Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente. |
| D12 | Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual. |

Resultados previstos na materia

| | |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

- Saber describir en termos sintácticos un feito lingüístico en galego.
- Saber analizar sintácticamente enunciados en galego dun modo argumentado.
- Saber interpretar os elementos que modifican a gramaticalidade de enunciados en galego.
- Saber usar e explicar construcións sintácticas diferenciais do galego.

A1 B1 C1 D1
 A5 B7 C2 D2
 B8 C5 D3
 C8 D6
 D8
 D9
 D10
 D11
 D12

Contidos

| Tema | |
|------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. As construcións coordinadas en galego | 1.1. A conxunción copulativa "e" |
| 2. Entre a gramática e o discurso | 2.1. Parataxe e hipotaxe oracionais. Conxuncións e locucións conxuntivas galegas 2.2. Análise dos tipos de relación e da complexidade estrutural |
| 3. Marcadores discursivos en galego | 3.1. Definición e características 3.2. Tipoloxías 3.3. Algúns marcadores discursivos en galego 3.4. A lexicografía galega e os marcadores discursivos |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Traballo tutelado | 12 | 40 | 52 |
| Resolución de problemas | 16 | 14 | 30 |
| Lección maxistral | 16 | 10 | 26 |
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 37 | 39 |
| Observación sistemática | 0 | 1 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballo tutelado | Cada estudante elaborará individualmente un traballo sobre sintaxe oracional, seguindo as indicacións do profesor (ARG). Todo o estudantado (presencial e SEMIPRESENCIAL) entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva do traballo á plataforma Moovi (incluíranse todos os ficheiros empregados na elaboración, tamén BD, corpus e diapositivas da presentación se as houber). Dedicaranse aulas presenciais a explicar a metodoloxía do traballo e ó longo do curso farase un seguimento a través das titorías. É moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir a algunha destas sesións de aula (se alguén non puidese ir a ningunha, deberá fixar unha titoría co docente -ARG-). |
| Resolución de problemas | Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, en función da natureza do exercicio, devolveranse corrixiadas, fornecerase un solucionario de autocomprobación ou fixarase unha titoría para explicalas. |
| Lección maxistral | Nela expóranse os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, preferentemente, ficheiros en formato pdf. |
| Actividades introdutorias | Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. |

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Traballo tutelado Alén das indicacións precisas que se proporcionarán no inicio do curso para desenvolver o traballo, atenderanse nas titorías todas as consultas individuais relacionadas coa súa elaboración. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración do traballo a través da plataforma Moovi, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría. Se a cantidade de estudantado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.

| Avaliación | | | | | |
|---------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------------------------|----------------|-------------------------------------------------------------------|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Traballo tutelado | O traballo, individual, é obrigatorio tanto para o estudantado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá coa data oficial do exame (en cada unha das dúas edicións das actas). Poderase realizar unha pequena presentación (aínda que non estea concluído), seguindo as indicacións que se proporcionen. | 35 | A1 A5 | B1 B7 | C1 C2 C5 D6 D8 D9 D10 D12 |
| Resolución de problemas | Durante o cuadrimestre especificaranse as actividades prácticas que serán avaliadas. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites temporais que se indiquen. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 30% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliada a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do/a docente). | 25 | A5 | B1 B7 B8 | C1 C2 C5 D1 D2 D6 D8 D10 D11 D12 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará unha proba escrita na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. | 35 | A1 A5 | B1 B7 | C1 C2 C5 C8 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12 |
| Observación sistemática | Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas maxistras. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas". | 5 | | B1 | C1 C2 D1 D2 D3 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Por defecto, enténdese que o estudantado opta por un sistema de avaliación continua; se así non for, deberá comunicar nas dúas primeiras semanas do curso a súa intención de se presentar á avaliación única permitida pola Universidade de Vigo.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o estudantado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar independentemente traballo, exame escrito e prácticas avaliadas. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Aquelas probas que non se superen na primeira edición das actas (xaneiro) poderanse recuperar na segunda edición das actas (xuño/xullo), co límite de entrega situado na data fixada pola FFT para o exame. Se por causa xustificada algún/ha estudante non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que propondrá outras accións compensatorias.

-Avaliación única (admitida pola Universidade de Vigo): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (xaneiro e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [40%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais de dous traballos (seguindo as indicacións que se fornezan) [20%-40%]. Cómpre superar tanto o exame coma os traballos (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. É obrigatorio a presentación oral dos traballos (fixarase a data da exposición). Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R., "**Os nexos e a sintaxe**", Univ. de Santiago de Compostela, 1992

Álvarez, R. e X. Xove, "**Gramática da lingua galega**", Galaxia, 2002

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira, "**Gramática galega**", 2, Galaxia, 1995

Cidrás, Francisco e Francisco Dubert-García, "**A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego**", 2017

Freixeiro Mato, X. R., "**Gramática da lingua galega**", 2, A Nosa Terra, 2002-2006

Freixeiro Mato, X. R., "**Tipos de marcadores discursivos no galego oral e escrito**", 2016

Rodríguez Guerra, A., "**Os dicionarios galegos e os marcadores discursivos operadores e de control de contacto**", 2018

Bibliografía Complementaria

García Gondar, F. (dir.), "**BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**", Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,

Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas. aconséllase a consulta directa, a través da biblioteca, das fontes bibliográficas.,

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase ter cursado previamente Sintaxe da lingua galega I.